



Teaching Guide

Teaching Guide				
Identifying Data				2018/19
Subject (*)	Lingua Española 1		Code	613G03001
Study programme	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	1st four-month period	First	Basic training	6
Language	Spanish			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Letras			
Coordinador	Veleiro Perez, Ana Maria	E-mail	ana.veleiro@udc.es	
Lecturers	Veleiro Perez, Ana Maria	E-mail	ana.veleiro@udc.es	
Web				
General description	Estudo descritivo e instrumental da lingua española. Elaboración e análise de textos orais e escritos de diferentes ámbitos.			

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/a e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes



Learning outcomes	Study programme competences / results		
Coñecer e aplicar as técnicas de composición de diferentes tipos de textos.	A2 A9 A11	B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C3 C7
Coñecer e aplicar os principais mecanismos de descrición e análise dos compoñentes gramaticais e léxico-semánticos do español.	A1 A3 A11 A14 A15	B1 B3 B5 B6 B7 B9 B10	C4 C6 C7 C8
Producir textos orais e escritos dotados de cohesión e coherencia, e adecuados á situación comunicativa.	A5 A9 A10 A11	B1 B2 B3 B4 B6 B7 B10	C1 C3 C4 C7

Contents	
Topic	Sub-topic
I. ESTUDO DESCRITIVO DA LINGUA	1. O COMPOÑENTE MORFOLÓXICO 2. O COMPOÑENTE SINTÁCTICO (I). As clases de palabras e os grupos sintácticos 3. O COMPOÑENTE SINTÁCTICO (II). A oración simple 4. O COMPOÑENTE SINTÁCTICO (III). A oración composta 5. O TEXTO
II. ESTUDO INSTRUMENTAL. ELABORACIÓN DE TEXTOS	1. O PROCESO DE COMPOSICIÓN DE TEXTOS 2. ELABORACIÓN DE TEXTOS ACADÉMICOS

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A1 A3 A10 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C4 C6 C7 C8	18	28	46
Workbook	A1 A3 A9 A10 A15 B1 B3 B5 B6 B7 C6 C8	3	18	21



Problem solving	A1 A2 A3 A5 A9 A10 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C3 C6	16	30	46
Workshop	A1 A2 A3 A5 A9 A10 A11 A14 A15 B2 B3 B4 B6 B7 C1 C3 C8	7	14	21
Events academic / information	A1 A3 A9 B1 B3 B7 B9 C6	2	0	2
Mixed objective/subjective test	A1 A5 A9 A10 A15 B4 B5 B6 B10 C1 C6	2	10	12
Personalized attention		2	0	2

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	Impartiranse nas sesións comúns de carácter expositivo (grupo grande). A profesora presentará os temas e desenvolverá os apartados que se consideren de especial dificultade.
Workbook	O alumno preparará, fóra de clase, las lecturas que a profesora indique.
Problem solving	Exercicios prácticos, como pequenas probas, por exemplo, nos que se aplicarán os contidos do temario. Propónse unha metodoloxía activa, o que supón que o estudante implíquese na aprendizaxe e traballe con asiduidade.
Workshop	Desenvolverase un obradoiro de composición de textos. O obradoiro sustentase basicamente no traballo persoal de cada alumno e no traballo grupal; sexa nun caso ou sexa no outro, a profesora tutelará constantemente a aprendizaxe do estudante.
Events academic / information	Asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposiciónes, etc.) que permiten profundizar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia.
Mixed objective/subjective test	Realizarase unha proba mixta en xaneiro e outra en xullo os días sinalados oficialmente pola facultade. Nesta proba avaliarase a consecución das competencias adquiridas: o coñecemento dos mecanismos básicos de descrición do español, a asimilación das lecturas realizadas e a aplicación destes coñecementos á práctica. Así mesmo, valorarase notablemente o rigor e a corrección no uso da lingua.

Personalized attention	
Methodologies	Description
Workbook Workshop Problem solving Mixed objective/subjective test	Fomentaranse as titorías para todas as metodoloxías que o requiran, como as actividades que precisen dunha fase de preparación e seguimento. Así mesmo, atenderase aos alumnos ao longo de todo o curso para resolver dúbidas da materia, tanto para a primeira edición de actas como para a segunda. Finalmente, analizaranse tamén individualizadamente os resultados das actividades, probas... As titorías poderanse levar a cabo persoalmente ou mediante correo electrónico. No primeiro caso, os alumnos acudirán ao gabinete da profesora no horario establecido, que se fará público a principio de curso. A atención personalizada aos alumnos levarase a cabo tamén nas sesións de grupo reducido, nas que a profesora poderá supervisar individualmente o desenvolvemento das actividades por parte dos estudantes. A posible atención a alumnos con necesidades especiais abordarse desde esta perspectiva de atención individual, ben en titorías, ben en clase. Se é preciso deseñaranse actividades especiais. Polo que respecta aos alumnos con dispensa académica recoñecida, adicaranse as sesións de titoría (presencial ou por correo electrónico) para o seguimento da súa actividade académica.



Assessment			
Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Workshop	A1 A2 A3 A5 A9 A10 A11 A14 A15 B2 B3 B4 B6 B7 C1 C3 C8	Valorarase a produción de textos dotados de coherencia e cohesión, adecuados á situación comunicativa e correctos. O obradoiro avaliarase especificamente cunha tarefa realizada en grupo, que consistirá na elaboración dun resumo, excepto no caso dos alumnos con dispensa académica, que será individual (v. infra).	10
Problem solving	A1 A2 A3 A5 A9 A10 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C3 C6	Avaliación das actividades e pequenas probas que se susciten ao longo do curso. Avisarase con antelación das datas de realización das pequenas probas.	40
Mixed objective/subjective test	A1 A5 A9 A10 A15 B4 B5 B6 B10 C1 C6	Realizarase unha proba mixta en xaneiro e outra en xullo os días sinalados oficialmente pola facultade. Neste exame evaluaranse todos os temas incluídos no estudo descriptivo da lingua (primeiro bloque do temario). Valorarase a consecución das competencias adquiridas: o coñecemento dos mecanismos básicos de descrición do español, a asimilación das lecturas realizadas e a aplicación destes coñecementos á práctica. As actividades do exame serán semellantes ás suscitadas en clase.	50

Assessment comments



- Para superar a materia, a cualificación mínima da proba mixta deberá ser de 4 puntos sobre 10.
- Cualificarase como "non presentado" quen non se presente ao exame final oficial nin na primeira oportunidade (mes de xaneiro) nin na segunda (finais de xuño-xullo), independentemente do número de actividades entregadas.
- Na segunda edición de actas (mes de xullo) poderanse recuperar todos os instrumentos de avaliación arriba descritos coas mesmas porcentaxes que na primeira edición.
- Os traballos ou actividades entregaranse como se indíque en cada caso, ben por correo electrónico desde a dirección que a UDC proporciona a cada estudante, ben en clase, en man. O estudante comprométese a gardar unha copia de cada traballo, en previsión de problemas na recepción. Deben entregarse no prazo fixado.
- Para aprobar a asignatura, as actividades, os textos e os exames deben cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal, etc.). Faltas de ortografía como uso incorrecto de acentos, puntuación, etc., descontarán 0,2 puntos; no caso das faltas graves, descontaranse 0,5 puntos.
- O plaxio
(é dicir, a utilización de textos ou ideas doutros autores sen indicar a fonte de procedencia), mesmo parcial, ou calquera outra falta de honradez académica, dará lugar á descalificación automática da actividade.
- Alumnos con dispensa académica recoñecida. Aplicaráselles o mesmo sistema de avaliación, salvo que, no seu caso, a actividade coa que se avaliará o obradoiro será individual.
- Alumnos que precisan medidas de apoio á diversidade. Aplicaráselles o mesmo sistema de avaliación (coa implementación e flexibilidade que requira a situación concreta do estudante).
- Alumnos erasmus e estranxeiros.

Recoméndase un nivel equivalente a B1 como mínimo para matricularse na materia. Ao final de curso, esixirase para superar a materia un nivel equivalente a B2.



Basic	Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española 2005 Diccionario panhispánico de dudas Madrid: Espasa Calpe. En línea en http://lema.rae.es/dpd/ Libro Gómez Torrego, Leonardo 2010 Gramática didáctica del español Madrid: SM Libro Gutiérrez Araus, M.^a Luz et al. 2005 Introducción a la lengua española Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces Libro Montolío, Estrella (Dir.^a) 2014 Manual de escritura académica y profesional Barcelona: Ariel Libro Andión Herrero, M.^a Antonieta 2005 Modalidades textuales, en Gutiérrez Araus et al., 2005: 345-360 Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces Capítulo de libro Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española 2010 Nueva gramática de la lengua española. Manual Madrid: Espasa Calpe Libro Sánchez Lobato, Jesús (coord.) 2006 Saber escribir Madrid: Aguilar Libro Briz, Antonio (coord.) 2006 Saber hablar Madrid: Aguilar. Libro Serrano Serrano, Joaquín 2002 Guía práctica de redacción Madrid: Anaya Libro Aleza izquierdo, Milagros (coord.^a) 2011 Normas y usos correctos en el español actual Valencia: Tirant lo Blanch Libro Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española 2001 Diccionario de la lengua española Madrid: Espasa Calpe. En línea en http://lema.rae.es/drae/ Libro Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española 2012 Ortografía básica de la lengua española Barcelona: Espasa Libros Libro Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española 2011 Nueva gramática básica de la lengua española Barcelona : Espasa Libros Libro Rojo, Guillermo y T. Jiménez Juliá 1989 Fundamentos del análisis sintáctico funcional Santiago: Universidad Libro Hernanz, M^a Lluïsa y J. M^a Brucart 1987 La Sintaxis Barcelona: Crítica Libro Varela Ortega, Soledad 2005 Morfología léxica: la formación de palabras Madrid: Gredos Libro Aguirre, Carmen 2013 Manual de Morfología Barcelona: Castalia Libro Os alumnos deben estar atentos con asiduidade á plataforma Moodle da UDC, na que se depositará material necesario para o adecuado seguimento da materia: esquemas, exercicios, lecturas, etc.
Complementary	En cada tema proporcionarse bibliografía específica.

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

Para o aproveitamento óptimo dos recursos docentes proporcionados recoméndase a asistencia a todas as clases, tanto ás sesións expositivas, nas que se explican os contidos principais da materia, como ás clases interactivas, nas que se traballa na aplicación dos contidos teóricos, e tamén ás clases de grupos reducidos nas que, mediante obradoiros, se practicará cuestións relevantes da materia.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.